



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avg. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CELEBRADA EN DATA DO TRES DE XUÑO DE 2015.

LUGAR: dependencias da alcaldía da Casa do Concello de Palas de Rei

DATA: 3 de xuño de 2015

HORA DE COMEZO: 14.00 h

HORA DE REMATE: 14.30 h

### ASISTENTES

Don Pablo José Taboada Camoira (alcalde en funcións), presidente

Don Fernando Alfredo Pensado Barbeira (concelleiro), vogal

Dona María Aurora Vila Agra (concelleira), vogal

Don Amado Sande Agra (concelleiro), vogal

Don Iván Ponte Mahía (secretario-interventor), secretario

Sendo as catorce horas do día sinalado, reúnense nas dependencias da Alcaldía da Casa do Concello, baixo a presidencia do alcalde-presidente en funcións a Xunta de Goberno Local, integrada polos membros anteditos asistidos polo Sr. Secretario-interventor don Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Sr. Alcalde-presidente en funcións abre a sesión co seguinte:

### ORDE DO DÍA:

- 1 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 20 de maio de 2015
- 2 Licenzas
- 3 Comunicacions previas
- 4 Outros asuntos
- 5 Asuntos de urxencia
- 6 Rogos e preguntas

### 1 Aprobación da acta da sesión anterior, sesión ordinaria do 20 de maio de 2015

Sometida a aprobación a acta da sesión extraordinaria do 20.05.2015 prodúcese o seguinte resultado:

- A favor: Unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.  
En consecuencia, enténdese aprobada a acta da sesión extraordinaria do 20.05.2015.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Ayd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@gmail.com  
www.palasdereis.com

## 2 Licenzas

### **Solicitud de licenza urbanística municipal para instalación de elevador en vivenda unifamiliar, interesada por María Sánchez Vázquez**

Vista a solicitude e proxecto que a acompaña presentados por María Sánchez Vázquez, con dirección a efectos de notificación en Estrada de Quindimil, s/n, en Palas de Rei, no que solicita licenza urbanística municipal para "instalación de elevador en vivenda unifamiliar" situada en Estrada de Quindimil, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado polos arquitectos Carolina Jack Lago, Colexiada nº: 3958, Ramón Fernández Sánchez, Colexiado nº 4176, José Manuel Sánchez Vizcaío, Colexiado nº 3684, e Xiao Varela Gómez, Colexiado nº 3390.

Visto o informe técnico emitido polo técnico municipal, José Manuel Varela Martínez, en data do 19 de maio de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia xunto co presente.

Visto o informe xurídico emitido en data do 29 de maio de 2015, e que obra no expediente.

Visto todo o anterior, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Conceder a María Sánchez Vázquez a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo dos dereitos do común ou de terceiro, licenza urbanística municipal para a realización de obras de "instalación de elevador en vivenda unifamiliar" situada en Estrada de Quindimil, en Palas de Rei, conforme ao proxecto técnico redactado polos arquitectos Carolina Jack Lago, Colexiada nº: 3958, Ramón Fernández Sánchez, Colexiado nº 4176, José Manuel Sánchez Vizcaío, Colexiado nº 3684, e Xiao Varela Gómez, Colexiado nº 3390.

Segundo. As obras comezaran no prazo de seis meses e rematarán no prazo de tres anos contados a partir da data de notificación deste Acordo. Transcorrido este prazo sen que se teña solicitado prórroga, este acordo non terá validez nin efecto.

Terceiro. Que se proceda ao cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Palas de Rei, e ao disposto no informe técnico municipal.

Cuarto. Aprobar os dereitos e taxas que figuran no expediente, e proceder ao seu abono previa notificación do acordo de concesión da licenza, e que ascenden a un total de douscentos trinta e tres euros con un céntimo (233,01 €).



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avg. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasderei.com](http://www.palasderei.com)

Quinto. Dar traslado dunha copia da liquidación de dereitos á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de concesión de licenza.

Do que se lle dá traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

### 3 Comunicacions Previas

**Comunicación previa para actuacións menores de retellado de cuberta de vivenda, a pedimento de Julia Novo Chorén**

Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para retellado de cuberta de vivenda, situada no lugar de San Pedro, na parroquia de Meixide, presentada por Julia Novo Chorén.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avg. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[cancellopalas@gmail.com](mailto:cancellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

importe total de trinta euros (30,00 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 18 de maio de 2015.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Vista a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Vista a resolución de autorización para obras en zona de protección de estradas de Galicia, emitida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, en data do 13 de abril de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia para o seu coñecemento.

Visto o informe técnico emitido en data do 26 de maio de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chega unha copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións menores de retellado de cuberta de vivenda situada no lugar de San Pedro, na parroquia de Meixide, conforme á documentación aportada ao expediente.

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasderei.com](http://www.palasderei.com)

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento das condicións particulares e xerais impostas polo Ministerio de Fomento na súa resolución, e ao cumprimento do recollido no informe técnico, dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Quinto. A promotora está obrigada, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á comunicación e liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de cincuenta e seis euros (56,00 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concallepaldas@gmail.com](mailto:concallepaldas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

Así mesmo advérteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

### **Comunicación previa para actuacións menores de lavado, selado e pintado de fachadas de edificio de vivendas, a pedimento de Eladio Fernández Pérez**

Vista a Comunicación Previa de actuacións menores para lavado, selado e pintado de fachadas de edificio de vivendas, situado no casco urbano de Palas de Rei, Avda. Compostela, nº 2, presentada por Eladio Fernández Pérez.

Acreditase no expediente ter aboado a taxa por expedición de licenza urbanística ou tramitación de expediente de comunicación previa para actuacións de obras menores, por un importe total de trinta euros (30,00 euros), obra xustificante de pago ou ingreso de data do 22 de maio de 2015.

Visto o expediente tramitado aos efectos, ao amparo da Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia, Disposición Derradeira Terceira.

Vista a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades, publicada o seu texto íntegro, no Boletín Oficial da Provincia, BOP nº 216, do venres, 19 de setembro de 2014.

Vista a autorización favorable e vinculante, emitida polo servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo, en data do 9 de abril de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chegará copia para o seu coñecemento.

Vista a resolución de autorización para obras, favorable e vinculante, en zona de protección de estradas de Galicia, emitida pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, en data do 10 de abril de 2015, que obra no expediente e da cal se lle chegará copia para o seu coñecemento.

Visto o informe técnico emitido en data do 26 de maio de 2015, que obra no expediente e do cal se lle chega unha copia xunto co presente.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Toma de coñecemento por parte deste Concello ao expediente de Comunicación Previa de actuacións menores de lavado, selado e pintado de fachadas de edificio de vivendas situado no casco urbano de Palas de Rei, conforme á documentación aportada ao expediente.





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

Segundo. Prestar conformidade ao expediente de Comunicación Previa inicial, de acordo co informe do técnico competente, podendo comezar as obras. Os servizos técnicos municipais poden, no seu caso, cursar visita de inspección, comprobación ou control en calquera momento có fin de verificar a verosimilitude das obras coa documentación presentada no seu momento, en caso de que existan diferenzas entre a documentación técnica presentada e o efectivamente realizado, que supoña un cambio de réxime na concesión da autorización, procederase á paralización das obras, como medida preventiva, sen prexuízo das sancións que poidan recaer sobre o promotor, de acordo co disposto artigo 7 puntos 2, 3, da Ordenanza Municipal reguladora do procedemento das comunicacións previas para obras menores e actividades.

Terceiro. As obras deberán ser realizadas no prazo máximo de seis meses, dende a data de comunicación do presente. Transcorrido este prazo sen que as obras rematasen e antes da súa finalización, a persoa interesada ou promotor poderá solicitar prorrogas en prazo, non podendo superar o prazo inicialmente autorizado.

Cuarto. Que se proceda ó cumprimento das prescricións xerais que figuran nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Palas de Rei, ao cumprimento das condicións especiais impostas pola Deputación Provincial de Lugo na súa resolución, ao cumprimento das condicións particulares e xerais impostas polo Ministerio de Fomento na súa resolución, e ao cumprimento do recollido no informe técnico, dos cales se lle chegarán copias xunto co presente.

Quinto. O promotor está obrigado, artigo 7 punto 4 da Ordenanza Municipal arriba citada, a comunicar a finalización da obra ós efectos de proceder, no seu caso, á liquidación definitiva do imposto ou taxa correspondente e coa finalidade de que se curse a visita de inspección ou comprobación polos servizos técnicos competentes, se así o estiman oportuno.

Sexto. Proceder á comunicación e liquidación da cota do ICIO e taxas que corresponda segundo o orzamento presentado, e que ascenden a un total de cincuenta e seis euros (56,00 €).

Sétimo. Dar traslado dunha copia da liquidación do ICIO á interesada para que proceda ao abono do importe total a través de conta bancaria, previa notificación do acordo de conformidade.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@gmail.com  
www.palasdereis.com

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro).

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

### **Expediente de concesión de licenza municipal de actuacións menores para rehabilitación puntual da cuberta da Igrexa de San Tirso de Palas de Rei, interesada por Bispado de Lugo**

De acordo co expediente tramitado neste Concello a instancia de Bispado de Lugo, con domicilio a efectos de notificación, en Praza de Santa María nº 1, en Lugo, para levar a cabo actuacións menores consistentes en "rehabilitación puntual da cuberta da Igrexa de San Tirso de Palas de Rei" situada no casco urbano de Palas de Rei.

De acordo cos informes técnico emitido en data do 12 de maio de 2015, e sectorial, resolución emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en data do 9 de marzo de 2015, que obran no expediente.

De acordo co informe xurídico emitido en data do 15 de maio de 2015, e que obra no expediente.

De acordo con todo o anterior, en data do 20 de maio e a través de acordo unánime adotado pola xunta de goberno local deste Concello, reunida en sesión ordinaria, concédese a Bispado de Lugo, licenza municipal de obras menores para "rehabilitación puntual da cuberta da





CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

Igrexa de San Tirso de Palas de Rei" situada no casco urbano de Palas de Rei.

No mesmo acordo, no su punto cuarto, apróbanse os dereitos e taxas que figuran no expediente, por un importe total de trescentos corenta e catro euros con trinta e oito céntimos (344,38 €), de acordo coa documentación presentada e co informe técnico municipal.

Obra no expediente xustificante do pago polo importe correspondente á taxa por concesión de licenza urbanística, de data do 8 de abril de 2015, e que ascende a un total de 68,88 euros.

En canto ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, ICIO, cabe sinalar a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso de data do 19 de novembro de 2014, e o disposto na mesma.

En uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Primeiro. Anular a liquidación practicada e notificada en data do 21 de maio de 2015, en base ao acordo adoptado en sesión ordinaria de xunta de goberno local de data do 20 de maio do mesmo, con rexistro de saída nº 456, todo elo ao amparo da Sentenza do Tribunal Supremo de data do 19 de novembro de 2014.

Segundo. Manter íntegro o resto do acordo de concesión de licenza, condicións e prazos de execución, adoptado na sesión que se cita no parágrafo anterior.

Terceiro. Dar traslado dunha copia do presente ao interesado, acompañado do acordo de concesión de licenza e informes técnicos e sectoriais previos e vinculantes.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento.

Recursos: Contra o acordo que antecede, que é definitivo en vía administrativa, poder optar por:

a).- Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, dentro do prazo de un mes contado dende o día seguinte ó de notificación do presente Acordo.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (art. 116.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro), e o prazo para interpor dito recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Lugo, será de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, si no fora expresa a resolución do recurso de reposición, o prazo de



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado, e dicir, un mes (art. 46.4 da Lei 29/98 do 13 de 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na súa redacción dada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro.

b).- Interpor directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados deste o día seguinte o da notificación da presente resolución, de conformidade có establecido no art. 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo Reguladora de Xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

#### **4 Outros asuntos**

**Non se produciron**

#### **5 Asuntos de urxencia**

**Convocatoria de postos de traballo para a contratación de un posto de socorrista e animador de actividades físicas e deportivas**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na "circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011" emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Considerando a necesidade que este concello ten durante a época estival do servizo de socorrismo e animación de actividades físicas e deportivas, para a apertura da piscina municipal, sendo obrigatorio dispor do persoal necesario para o correcto funcionamento do servizo.

Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria de un posto de traballo de socorrista e animador de actividades físicas e deportivas, emitida en data do 2 de xuño de 2015, e que obra no expediente.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Ayd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 2 de xuño de 2015, e que obra no expediente.

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade e interese público da contratación de un socorrista e animador de actividades físicas e deportivas, para o servizo de socorrismo e animación de actividades físicas e deportivas na piscina municipal durante a época estival.

**Convocatoria para a contratación dunha persoa para cubrir a praza por interinidade do posto de traballador/a Social/asistente Social**

Considerando o disposto no artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia presupostaria e financeira para a corrección do déficit público e o establecido polo artigo 23.2 da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Considerando o disposto respecto do artigo antes mencionado na "circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do RD Lei 20/2011" emitida pola Dirección Xeral da Administración Local en data do 30 de xaneiro de 2012, así como na circular emitida en data 16 de abril de 2012 pola Subdirección Xeral de Relacións con outras Administracións do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Considerando a necesidade que o concello ten neste momento da contratación dunha persoa para cubrir a praza por interinidade do posto de traballador/a Social/asistente Social, por baixa de enfermidade a causa dunha operación cirúrxica.

Considerando a memoria sobre a necesidade xustificativa da convocatoria dun posto de traballo de traballador/a Social, emitida en data do 2 de xuño de 2015, e que obra no expediente.

Considerando as funcións e cometidos propios contemplados no artigo 6 do Estatuto da profesión de diplomado/a en Traballo Social/Asistente Social, e a memoria sobre a necesidade xustificada da convocatoria do posto por baixa de enfermidade, polo período de convalecencia ou que dure a recuperación ou rehabilitación.

Considerando o informe de secretaria-intervención, emitido en data do 2 de xuño de 2015, e que obra no expediente.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
[concellopalas@gmail.com](mailto:concellopalas@gmail.com)  
[www.palasdereis.com](http://www.palasdereis.com)

Considerando o relacionado nos parágrafos anteriores, en uso das facultades que outorga a lexislación de réxime local e as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo Decreto da Alcaldía nº 148/2011, de 14 de xuño e polo acordo do Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011, a Xunta de Goberno Local por acordo unánime dos seus membros adoptou o seguinte, ACORDO:

Declaración da necesidade, interese público e urxencia, da contratación dunha persoa para cubrir a praza por interinidade do posto de traballador/a Social/Asistente Social, por baixa de enfermidade a causa dunha operación cirúrxica.

## 6 Rogos e preguntas

Non se produciron

Sen máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e tinta minutos, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace  
O presidente